

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 6 de agosto de 2020, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 7/2020, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de cento vinte mil catrocentos seis euros con oitenta e dous céntimos (120.406,82 €), segundo de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 10 de agosto de 2020.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1822

GUITIRIZ**Anuncio****OFERTA EMPREGO PUBLICO COMPLEMENTARIA PARA O ANO 2020 DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

Na Xunta de Goberno Local de data 06/08/2020 adoptouse o seguinte acordo en relación a Oferta de Emprego Público complementaria para o ano 2020 do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO. Aprobar a Oferta de Emprego Público complementaria deste Concello para o ano 2020 que contén os seguintes postos de traballo que deberán convocarse no prazo máximo de 3 anos:

PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN GRUPO ESCALA SUBESCALA	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Policia Local C1 Escala: Administración Especial Subescala: Servizos especiais	1	1 Mobilidade	Concurso	Artigo 19.Uno.5 LOXE 2018

PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Limpador/a Persoal laboral fixo- descontínuo	1	Libre	Oposición libre	Artigo 19 Uno.2.3.7. LOXE 2018

SEGUNDO. Modificar o sistema de provisión da praza de Terapeuta Ocupacional do CD (ficha nº 30 da RPT, código 69) engadida na OEP de 2020 (publicada no BOP de Lugo de data 03/03/2020 e DOG de data 24/03/2020), para que sexa o de oposición en vez de concurso-oposición.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 10 de agosto de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1832